

Instrucións para a matrícula online

Curso 20/21

1. Entra na web do CMUS Profesional de Santiago e pincha no enlace [Inscripcións Online](#) ou [Matrícula Curso 20/21](#)

The screenshot shows the website interface for the Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. At the top, there is a navigation bar with links for 'Centrosnet', 'Aula Virtual', 'Galería', 'Inscripcións online' (highlighted with a red box), and 'Suxestións'. Below this, there is a large banner for 'PREMIOS GRANDES INICIATIVAS' with various categories and logos. Underneath the banner, there is a section titled 'NOVIDADES' which includes a prominent 'MATRÍCULA CURSO 20/21' button (highlighted with a red box). To the right of this button, there are sections for 'PROBAS DE ACCESO CURSO 20-21', 'Medidas para o desenvolvemento do 3º trimestre e final de curso', and 'ÚLTIMAS NOVAS COVID-19'. Further right, there is a 'Horario de apertura' section showing the schedule for 'Setembro a Xuño' (Monday to Friday, 08:30 to 22:00) and a 'CALENDARIO' section for 'CMUS Profesional de Santiago' showing dates for 'Venres, 26 xuño' and 'Martes, 30 xuño'.

2. Cubre o formulario “Matrícula xuño. Curso20/21”.

1. DATOS PERSOAIS DA/O ALUMNA/O

- DATOS TITORES LEGAIS (no caso de alumnado menor de idade)
- OUTROS ESTUDOS RÉXIME XERAL (só no caso de alumnado que compatibilice o Conservatorio con outros estudos)

2. DATOS ACADÉMICOS

- 2ª Especialidade (só no caso cursar dúas especialidade)
- Si solicitas cambio de profesor indica a tua preferencia.

3. OUTROS DATOS DE INTERESE

- Clases en horario de mañá (si podes asistir ao Centro en horario de mañá indica os días e o horario o que poderías e en que materias che gustaría asistir.).
- Sodes varios membros da unidade familiar estudando no Centro? Indica o nome completo, curso e especialidade de cada un deles. As familias con 3 ou máis membros teñen preferencia na elección de horarios.
- Situación familiar. Indicar calquera situación familiar especial que poda afectar á configuración do horario ou que se deba comunicar ao Centro. O alumnado con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33% ten preferencia na elección de horarios. Requirirase xustificación documental.
- Solicitas bolsa de estudos? (só para grao profesional), se é así marca a opción. O pago quedará pendente ata a resolución da concesión, no caso de denegarse deberás aboar as taxas de matrícula do curso.
- Solicitas o fraccionamento de pago da matrícula? Nese caso o segundo prazo farase obrigatoriamente por domiciliación bancaria, co que se deberá achegar un certificado de conta bancaria.
- Si tes algunha bonificación ou exención no pago da matrícula indica de que tipo.
- Observacións (si tes algo máis de interese que comunicar ao Centro)

4. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Xustificante pago taxas. No caso de dobre especialidade achegar os xustificantes dos dous pagamentos. Consultar as [Instrucións para o pago da matrícula](#)

- Autorización do uso da imaxe. Deberase cubrir en función da idade a [Autorización imaxe menores 14 anos](#) ou [Autorización imaxe maiores 14 anos](#).
- Documento que acredite a bonificación ou exención de prezos na matrícula, só no caso de non tela achegada con anterioridade. Consulta o documento [Cadro resumo dos prezos públicos](#).
- Pago fraccionado. Só poderán ser fraccionadas as contías referidas ao concepto de matrícula. No caso de solicitarse deberase achegar o un certificado da conta bancaria.
- Outros documentos. Achega o documento xustificante da situación familiar, de ser o caso, ou calquera documento que consideres necesario.

Si o formulario foi cuberto correctamente sairá esta mensaxe:

O formulario foi enviado con éxito. Grazas

Unha vez enviado o formulario recibirás por correo electrónico o comprobante do formulario de matrícula enviado. Deberás conservalo por si se producira algunha incidencia.

ASIGNACIÓN DE HORARIOS

O formulario das preferencias para a asignación de horarios será online desde a páxina web do Centro **do 7 de setembro ás 00:00h ao 14 de setembro ata ás 15:00h**.

A asignación de grupos publicárase antes das presentacións.